



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ABEGONDO

*Convocatoria para persoal obreiro de emprego*

#### ANUNCIO

#### EXTRACTO CONVOCATORIA

Comunícase que por medio do decreto da Alcaldía núm. 353/2022 do 06/09/22 aprobáronse as bases de selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE II" (Expte 15/0023/2022), elaboradas e asinadas pola Comisión de Selección deste programa mixto.

Tamén se aprobou a convocatoria para a selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio deste obradoiro de emprego, que se fai pública mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>).

Concretamente, ábrese un proceso selectivo específico para a contratación das persoas traballadoras que cubrirán as seguintes prazas deste obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres/as das especialidades "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" (AGAR0309) e "Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería" (AGAO0108) (xornada completa)
- 2 mestres/as de formación complementaria ( ao 50 % da xornada), concretamente: 1 mestre/a en ensino básico/titor/a e 1 mestre/a en orientación, información profesional, formación empresarial e asesoramento
- 1 auxiliar administrativo/a (ao 50 % da xornada)

As bases da convocatoria pódense consultar tanto no no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo e na sede electrónica ([sede.abegondo.gal](https://sede.abegondo.gal)) accesible a través de web municipal ([abegondo.gal](https://abegondo.gal)), como nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos, A Coruña- Monelos, A Coruña-Tornos e Ferrol-Esteiro.

O prazo para presentar as instancias coas solicitudes para participar no proceso selectivo será de 5 días naturais que se contarán dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Abegondo, 7 de setembro de 2022

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2022/5614